

TRANSPORTES Y MUDANZAS MAGO, S.L.



"Gran parte do éxito da empresa radica na valía dos teus empregados"

Miguel Ángel Gómez Orjales

Datos básicos

Actividade:	Servizos de transporte e mudanzas
Sector de actividade	Servizos de transporte e reparación de vehículos
Nº empregados	4
Inversión inicial	3.000 €
Financiamento inicial:	Fondos propios
Web:	
Municipio:	Ferrol, A Coruña
Ano creación:	1998

Descripción do proxecto

Fundamentalmente nos dedicamos ao transporte de paquetería de todo tipo, aínda que tamén ofrecemos servizos de mudanzas.



Datos empresa

Claves do éxito

O éxito na implantación da empresa proveu fundamentalmente da carencia do servizo que eu prestaba naquel momento no meu entorno, posto que estaba especializado na paquetería de recambios de coches.

Por outra banda, considero que contar con empregados nos que poidas depositar a túa confianza é outro dos factores nos que radica o éxito.

A renovación da flota de vehículos foi outro dos puntos claves, debido a que posuir vehículos en boas condicións evita moitos gastos en reparacións, ademais da perda de clientes por un servizo non realizado no tempo convido. Así mesmo, hai que destacar que o feito de posuír diferentes tipos de vehículos adaptados ás necesidades dos clientes, como poden ser os camións con plataforma elevadora, constitúe un elemento diferenciador con respecto ás empresas competidoras.

Situación actual

A situación do meu negocio na actualidade é boa, debido a que existe unha gran demanda de servizos de paquetería e mudanzas.

Perfil cliente

Temos clientes de todo tipo, fundamentalmente outras empresas que necesitan realizar envíos dun xeito rápido e seguro. Os clientes valoran principalmente a rapidez coa que realizamos o servizo, en detrimento do prezo do mesmo.



Idea inicial

Tras traballar durante varios anos nunha empresa de transporte, a mesma pechou. Decidín crear o meu propio negocio, posto que, durante o desenvolvemento da actividade, adquirira os coñecementos necesarios e a experiencia suficiente para xestionar este negocio.

Principales dificultades y amenazas futuras

A principal dificultade coa que me atopei ó comezo da actividade foi económica, debido a que non contaba cos fondos suficientes para poder adquirir vehículos novos.

A ameaza futura máis importante quizais sexa a propia competencia, debido a que non existe unidade no sector. En vez de sentarnos a dialogar e intentar unificar os prezos dos nosos servizos, cada un fixa os seus prezos unilateralmente en detrimento da calidade ofrecida.

Perfil promotores

O promotor posúe formación profesional como técnico en electricidade. Ademais, aporta experiencia previa no sector do transporte.

Aptitudes necesarias

A forza de vontade é unha das claves máis importantes á hora de emprender con éxito, ademais de dedicarlle a maior parte do teu tempo. É moi importante ser paciente, xa que os resultados non afloran desde o primeiro día.



Guía de Actividad

Servizos de transporte e reparación de vehículos (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
Ser o meu propio xefe**

A independencia que proporciona

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Non, ningunha.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Penso que se debería recibir algún tipo de formación empresarial, posto que as complicacións van xurdindo a medida que vas desenrolando a túa ocupación e na maioría das ocasións, tes que aprender dos teus propios erros.

Anecdotario

No dispoñible

